

Programa Colectivos: A solución é a cooperativa

[En colaboración coa Rede Eusumo, o Concello de Lugo e a Federación de Asociacións do Ámbito Social – FADAS Lugo]

DATAS REALIZACIÓN	Do 25 de abril ao 9 de xuño de 2023	DURACIÓN	60 horas
HORARIO	Haberá 6 sesións virtuais – 2 por cada curso – en horario de 10:00 a 11:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN	A través da Aula Virtual de EspazoCoop: www.aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	TELÉFONO	697877773
		E-MAIL	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRTE PREME AQUÍ

OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo ás persoas en proceso de mellora social e laboral que queren coñecer esta fórmula.
- Mostrar desde un punto de vista práctico e achegado á realidade das persoas participantes, as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Achegar ás participantes os recursos e medidas de apoio existentes que favorecen o emprendemento.
- Desenvolver as habilidades persoais claves no traballo colaborativo. Coñecer recursos e metodoloxías que nos axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.
- Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- Elaborar conxuntamente o prototipo do proxecto.
- Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver, calendario de actuacións.

PROGRAMA E CONTIDOS

Acción 1: Emprendendo en cooperativa (20 horas) | do 25 de abril ao 5 de maio | Sesións virtuais: 28/04 e 05/05.

Módulo 1.- O emprendemento. A situación actual do emprego.
Módulo 2.- O cooperativismo de traballo, alternativa de emprego.
Módulo 3.- Organización e financiamento. Apoios para o emprendemento.
Módulo 4.- Experiencia cooperativa.

Acción 2: Habilidades e competencias para o traballo en equipo nas cooperativas (20 horas) | do 9 ao 19 de maio | Sesións virtuais: 09 e 16/05.

Módulo 1.- A Comunicación.
Módulo 2.- O traballo en equipo.
Módulo 3.- A toma de decisións.
Módulo 4.- O liderado nas cooperativas.

Acción 3: Desenvolvendo a idea cooperativa (20 horas) | do 30 de maio ao 9 de xuño | Sesións virtuais: 30/05 e 08/06.

Módulo 1.- Identifica o teu proxecto cooperativo. | Módulo 2.- Analiza as áreas comercial e de mercado.
Módulo 3.- Estuda a viabilidade económica e financeira. | Módulo 4.- Planifica a área organizativa e os trámites de constitución.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Proponemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

DIRIXIDO A

Persoas que se atopan buscando emprego, persoas emprendedoras, persoas ocupadas e con interese en desenvolver un proxecto de emprendemento cooperativo. Composición do grupo: mínimo 10 e máximo 20 persoas.



Esta actividade encádrase nos programas: Programación da Rede Eusumo 2023 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social. Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social – POISES- convocado por CEPES e financiado polo Fondo Social Europeo (FSE).